


VISITA AUTÓNOMA PARA FAMILIAS




Visita realizada por Alba Cacheda
Ilustración: María García Pérez

D I D A C

 **Deputación
DA CORUÑA**

Ola! Chámome Alba, vou estar convosco neste percorrido á exposición **Pongo mi pie desnudo en el Umbral**, de Christian García Bello.



Christian García Bello é un artista que traballa sobre todo coa paisaxe, como se transforma, escóitase e vívese. Toda a súa obra céntrase no territorio, na arquitectura, na historia e nas formas características do lugar. Traballa coa escultura e o papel.


Comezamos! Acompañádesme?

Para min, as exposicións son **mapas** polos que podo camiñar moitas veces, desde sitios diferentes e nos que sempre descubro algo novo. Cando ides ao parque, ou ao colexio, a visitar á vosa familia ou ao traballo, **sempre percorredes o mesmo camiño? Sempre vedes o mesmo nel?** Antes de comezar, propóñovos debuxar un camiño que coñezades e que vos guste transitar.

A Christian tamén lle gustan os mapas. Nesta exposición fala dun, o que percorreu Dirse, unha muller que foi camiñando desde Anveres ata Galicia. Hoxe imos descubrir ese mapa, cheo de elementos, presentes na sala na que nos atopamos. Os mapas dependen de quen os mira. Cada persoa pode interpretalos dunha forma diferente.

Vaites! Acabamos de empezar e xa me perdín. Isto ás veces pásame cando comezo unha ruta nova.

Sabedes que instrumento ademais do mapa podemos usar para non perdernos?



Un compás.

Os compases representan os puntos cardinais e teñen unha frecha que sinala o norte. Aquí hai un, é unha obra de


Christian. **Buscámola?** Está no chan e divide a exposición en dúas, axúдовos cun debuxo.

O compás desta exposición é diferente a outros que coñecemos. Ademais da liña de latón no chan, está composto por dous pequenos recipientes que conteñen líquido no seu interior, un marca o leste e o outro o oeste. Que ben! Grazas por atopalo! Recuperarei a orientación

Sigamos! Para continuar, ademais de camiñar, temos que usar a imaxinación. Agora temos que buscar unha porta, cando a atopemos atravesarémola, levaranos a un lugar descoñecido.

Shhhhhh! Creo que este lugar ao que acabamos de entrar é un fogar, cheo de obxectos por descubrir. Non vos esquezades de marcar o camiño que percorremos!

Menos mal que entramos rápido, fóra tiña moito frío! Buscamos un sitio onde quentarnos? Pensemos... **que nos pode dar calor?**



Moitas casas en Galicia teñen lareira, é o lugar que quenta toda a vivenda. Esta tamén ten unha. É de ferro e madeira,

onde estará? Estou tremendo!

Por fin atopámola! Se nos achegamos un pouquiño sentiremos máis calor.

Os fogares tamén teñen **xanelas**. Unha das cousas que máis me gusta facer desde a xanela do meu salón é observar como cambia a paisaxe segundo as estacións do ano. **Vedes algunha xanela neste fogar?**

Gústavos mirar pola xanela? Achegádevos a ela e imaxínade a paisaxe que se pode observar. Pode ser un bosque, unha cidade, o mar, etc....Convídevos a incluíla no voso mapa.

Seguro que cada un debuxastes un camiño diferente, todos forman parte do mapa que deseñou Christian coas súas esculturas, pensando nesa viaxe que fixo Dirse desde Anveres a Galicia.

Agora é a vosa quenda! **Levádesme ao voso mapa?**

Seguro que tedes un lugar favorito: polo que paseades, divertídesvos ou xogades. É importante que sexa un sitio próximo, ao que podamos ir camiñando ao saír de aquí. Un momento! Quizais vou demasiado rápido... déixovos uns segundos para pensar nese espazo e que o decidades en familia. Tic- tac- tic- tac. Tédelo?

Xenial, continuemos!

Por fin chegamos! Dentro deste lugar seguro que hai sitios que vos gustan máis, podedes ensinarmos?, porqué gústanvos tanto?

Imos! Non quededes aí paradas! Mentres camiñamos e mo mostrades, podedes contarme porque vos gustan.

Hai portas, reais ou imaxinarias? Sentides calor como ocorreu dentro da exposición? Necesitamos un compás? Vimos que os compases poden ser de moitas formas, mesmo pode ser a persoa á que recorreremos cando nos desorientamos, cando non sabemos que camiño escoller dentro do noso mapa.

Quen é esa persoa para cada unha de vós?

Moitas grazas por traerme a este lugar. É marabilloso! Paseimo moi ben! Espero volver vervos pronto!

e por último....DEBUXA TODO o teu PERCORRIDO E COMPARTE!